



## **RESUMEN ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 13 DE MAIO DE 2014.**

### **1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

#### **1.1.- Escrito de D<sup>a</sup> Eva Louzao Arís, en representación da Escola de Conductores Silleda.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Autorizar a realización de prácticas de circuito cerrado en parcela do polígono industrial Área 33 de Silleda, (fronte o parque intercormarcal de bombeiros e detrás da base de incendios da Xunta) condicionada á previa presentación de fianza ou aval suficiente por parte da Escola de Conductores Silleda, polo importe que determinen os servizos técnicos municipais, para atender os posibles danos que se cause nos inmoble de dominio público municipal.

2º.- Solicitar informe técnico sobre o estado actual da parcela cuxo uso se autoriza e de valoración do importe da fianza ou aval que haberá de constituir o interesado.

#### **1.2.- Solicitude de inscrición no Rexistro Municipal de Asociación - Asociación Española Contra o Cancro - Xunta Local Deza.**

A Xunta de Goberno Local acorda non inscribir a Asociación Española Contra o Cancro - Xunta Local Deza no Rexistro Municipal de Asociacións sin ánimo de lucro, por xa estar inscrita xa con mesmo CIF a Asociación Española contra o Cancro Xunta Provincial de Pontevedra.

#### **1.3.- Espuina y Delfin S.L. Solicitudes de abastecemento e saneamento dos meses de novembro, decembro de 2013 e xaneiro de 2014.**

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación as solicitudes de abastecemento e saneamento dos meses de novembro e decembro de 2013 e xaneiro de 2014 (Asunto: Listado N<sup>o</sup> 9 e 10 (2013) e Listado 1 (2014))**

#### **1.4.- Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra sobre convenio para prestación do servizo de recollida de cans abandonados nos concellos da provincia de Pontevedra.**

A Xunta de Goberno Local queda enterada.



## **2º.- URBANISMO.**

### **2.1.-Cambio de titularidade solicitado por Yolanda Rueda Quijano do establecemento sito na rúa Progreso, nº 52 baixo (Silleda) a favor de Manuel Mosquera García.**


A Xunta de Goberno Local acorda: Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento para Café-Bar concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de abril de 2006, do local sito na rúa Progreso, nº 52 baixo (Silleda), pasando a ser o novo titular da licenza de apertura Manuel Mosquera García en troques de Yolanda Rueda Quijano.

### **2.2.- Solicitud de licenza de Dº Antonio Albino Nercellas Rodríguez, en representación de Avipor Silleda, S.L. para instalación solar fotovoltaica na nave ubicada no lugar de Gomarín, s/n, Saidres (Silleda).**

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal e o Arquitecto Técnico Municipal, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia.

### **2.3.- Solicitud de licenza de Dª Ana María Iglesias Otero, en representación de Ganados Iglesias Otero S.C. para instalación solar fotovoltaica na nave ubicada nas parcelas 149 e 150 do polígono 3 de Concentración Parcelaria de Escuadro-Rellas (Silleda).**

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal e o Arquitecto Técnico Municipal, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia.



**2.4.- Solicitud de licenza de D<sup>a</sup> María Asunción García Hernández, en representación de Vilgar S.C. para instalación solar fotovoltaica na nave ubicada na parcela 79 do polígono 2 de Concentración Parcelaria de Escuadro-Rellas (Silleda).**


A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licenza de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal e o Arquitecto Técnico Municipal, non podendo comenzar a exercer a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza.

**2.5.- Solicitud de D<sup>o</sup> José Ramón García Carreira para Regularización de explotación de gando porcino en ciclo mixto, no lugar de Cumbraos, parroquia de Escuadro (Silleda).**

A Xunta de Goberno Local acorda recoñecer a existencia da explotación de gando porcino en ciclo mixto da que é titular Don José Ramón García Carreira, aos efectos establecidos pola disposición transitoria decimoprimeira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas seguintes características:

**2.6.- Solicitud de licenza de D<sup>o</sup> José Manuel Rodríguez Adán, en representación de Ganadería Borralla S.C. para ampliación de establo vacún de leite e fosa de purín, a situar na parcela 647 do polígono 6 da Concentración Parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro (Silleda)**

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licenza de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal e o Arquitecto Técnico Municipal, non podendo comenzar a exercer a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza.



### **3º.- OCUPACIÓN VÍA PÚBLICA.**

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

- 1.- Proceder ao arranxo inmediato do valado que rodea o inmovible sito na rúa Progreso núm. 33 para impedir o acceso de persoas ao inmovible.
- 2.- Solicitar informe ao departamento de urbanismo sobre as obras necesarias para a conservación do edificio evitando posibles desprendimentos á vía pública así como para proceder ao pechamento da obra evitando que podan acceder persoas á mesma.
- 3.- Ordenar á empresa Proinco Desing S.L, e ao seu propietario D. José María Gil García, en tanto que está a realizar unha ocupación ilegal da vía pública, a consecuencia do valado da obra, invadindo a beirarrúa da rúa Progreso e a beirarrúa e parte da rúa Morón, todo elo nunca superficie aproximada de 50 metros cadrados carecendo da preceptiva licenzia de ocupación.

### **4º.- INTERVENCIÓN.**

Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, de data 13 de maio de 2014, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas, de data 13 de maio de 2014, ascendendo a mesma a un importe total de 68.808,53 €.